

Matrícula libre 2017

Prazo: Do 20 de Marzo ó 6 de Abril de 2017.

A aplicación web de matrícula permanecerá aberta ata as 12:00 do mediodía do 6 de Abril de 2017

PROCEDEMENTO

1. Acceder á ligazón: <https://www.informaticacentros.com/xunta/>
2. Pagar as taxas. O pagamento non poder ser fraccionado. ([Ver procedemento a pagar](#)).
3. Formalizar a matrícula. A matrícula en liña non terá validez ata que non se formalice no centro.

Para formalizar a matrícula hai que presentar na Secretaría da EOI no seguinte horario:

luns a venres 9:00 a 14:00

luns a xoves 17:00 a 20:00

a seguinte documentación:

DOCUMENTACIÓN

1. **Impreso de matrícula xerado pola aplicación web de matrícula**, onde se indique(n) o(s) idioma(s), o nivel ou niveis no(s) que se matricula.
2. Resgardo do **aboamento dos prezos públicos**. ([Ver Decreto 89/2013](#))
3. **Fotocopia do DNI** ou, no caso de persoas estranxeiras, **NIE** ou pasaporte.
4. Orixinal e fotocopia do xustificante do dereito de exención de taxas, de ser o caso.
5. Para o **alumnado que sexa menor de 16 anos** a 31 de decembro de 2017, certificado expedido polo centro onde estea matriculado no que se faga constar a primeira lingua estranxeira cursada na educación secundaria obrigatoria no presente curso escolar (modelo do [anexo V](#)).
6. Declaración xurada de non estar matriculado noutra EOI como alumno oficial ([anexo](#)).
7. Para o alumnado que se matricule na proba de certificación do nivel **CI de inglés** ou **francés**, **fotocopia cotexada do certificado de nivel avanzado ou do certificado de aptitude** expedido por unha escola oficial de idiomas, ou, no caso de **inglés**, o certificado acreditativo da validación do **Certificate of Proficiency** emitido polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte. De ter superado os estudos e non dispor aínda do certificado, deberá presentar unha certificación académica expedida pola EOI correspondente, acompañada do **xustificante** de ter aboados os prezos públicos para a **expedición do certificado de nivel avanzado** ou do **certificado de aptitude**.

8. **Membros de familia numerosa:** fotocopia compulsada do Libro de Familia Numerosa actualizada. A compulsada pódese facer na Escola Oficial de Idiomas, presentando o orixinal xunto á fotocopia.
9. **Funcionarios docentes** (excepto de Universidade): Certificación actualizada. A gratuidade pode aplicarse unicamente nas materias de nova matriculación (Decreto 89/2013, do 13 de xuño. DOG 17/06/2013).
10. No caso de **discapacidade** (igual ou superior ao 33%) deberase achegar documentación acreditativa e, se solicita adaptacións, cubrir o formulario facilitado pola EOI ([anexo IX](#) da Orde de 8 de setembro de 2008, de avaliación).
11. **Vítimas de actos terroristas.** A acreditación deberase realizar documentalmente.
12. **Violencia de xénero.** Quedan exentos os alumnos/as que sufran violencia de xénero. Tamén quedarán exentos/as no caso de que sexan os seus proxenitores os que a sufran. Deberase acreditar documentalmente.
13. **2 fotos tamaño carné** (só **alumnos novos e antigos alumnos matriculados por última vez hai máis de cinco anos**)
14. No caso dun alumno novo procedente doutra EOI, terá que aportar unha certificación académica da EOI de orixe

ACCESO ÁS PROBAS

Alumnado libre:

Pódense matricular nas probas de idiomas que cursasen como primeira lingua estranxeira secundaria obrigatoria aquelas persoas que teñan 16 anos cumpridos ou que os cumpran antes do 31 de decembro de 2017.

Pódense matricular nas probas dos idiomas que non cursasen como primeira lingua estranxeira na educación secundaria obrigatoria aquelas persoas que teñan 14 anos cumpridos ou que os cumpran antes do 31 de decembro de 2017.

Non é necesaria superar o exame dun nivel inferior para poder presentarse a un superior (excepto para o Nivel C1).

Non se pode estar matriculado no mesmo idioma e curso no mesmo ano académico por ensino oficial e libre simultaneamente.

O alumnado que xa realizou estudos nunha EOI en cursos anteriores e desexe matricularse polo réxime libre noutra escola en 2016-2017 deberá indicalo coa súa solicitude de matrícula cunha certificación académica da EOI de orixe.

O alumnado libre que supere a proba de certificación de nivel básico, intermedio ou avanzado poderá incorporarse ó primeiro curso do nivel intermedio, avanzado ou C1, respectivamente, do réxime oficial presencial en calquera EOI, sempre que obteña praza seguindo o procedemento de preinscrición e matrícula que se estableza.

A modalidade libre só permite un único exame en xuño, non hai convocatoria de setembro.

Alumnado procedente do Programa CUALE:

O alumnado procedente dos cursos CUALE 2016-2017 que se matricule para as probas de certificación disporá de dúas convocatorias (xuño e setembro) para superar a proba, unicamente no idioma cursado no programa CUALE, e non terá que aboar prezos públicos polo acceso ás probas de certificación.

Incompatibilidades:

Non se poderán matricular e examinar das probas:

Aquelas persoas que participasen na súa elaboración e configuración final.

O profesorado que imparta docencia nunha EOI (ou impartira, no caso de profesorado interino ou substituto nalgún momento do curso 2016-2017), non se poderá matricular na súa escola.

O profesorado que imparta docencia nunha EOI non se poderá examinar en ningunha EOI de Galicia para o idioma que imparte.

O persoal non docente no curso 2016-2017 non se poderá matricular na súa escola ou sección.

Reclamación ás cualificacións das probas:

Toda a información atópase na Orde do 8 de setembro de 2008 pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas especializadas de idiomas de réxime especial que se establecen na Lei Orgánica 2/2006, 3 de maio, de educación (DOG do 26 de setembro de 2008), modificada pola Orde do 19 de abril de 2012 (DOG 30 de abril).

TAXAS ALUMNOS/AS LIBRES 2016

(Decreto 89/2013, do 13 de xuño, DOG 17/06/2013)

INSTRUCCIÓNS PARA CUBRIR A FOLLA DE LIQUIDACIÓN DE PREZOS PÚBLICOS

(Para ingresar o importe da matrícula na entidade bancaria). O código é **20**.

1. **ALUMNO/AS NOVO/AS**

(Alumnos que se matriculan por primeira vez nunha escola oficial de idiomas) deberán aboar:

Apertura de expediente	22,00
Matrícula por disciplinas soltas	(*) 46,00
TOTAL	68,00

1a. **FUNCIONARIOS DOCENTES** (excepto de Universidade), deberán aboar:

Apertura de expediente	22,00
TOTAL	22,00

1b. **FAMILIA NUMEROSA DE CATEGORÍA XERAL** deberán aboar:

Apertura de expediente	11,00
Matrícula por disciplinas soltas	(*)23, 00
TOTAL	34,00

1c. **FAMILIA NUMEROSA DE CATEGORÍA ESPECIAL** non aboan nada

2. **ALUMNOS ANTIGOS**

(alumnos que xa estiveron matriculados nesta ou noutra escola oficial de idiomas e/ou con traslado de expediente a esta) deberán aboar:

Matrícula por disciplinas soltas	(*)46,00
TOTAL	46,00

(*) SE UN ALUMNO/A SE MATRICULA EN MÁIS DUN IDIOMA ou NIVEL DEBERÁ MULTIPLICAR O IMPORTE DO APARTADO **MATRÍCULA POR DISCIPLINAS SOLTAS** POLO NÚMERO DE IDIOMAS ou NIVEIS EN QUE SE MATRICULE.

Exemplo: Se un alumno/a se matricula en dous idiomas ou dous niveles deberá aboar:

Apertura de expediente	22,00
Matrícula por disciplinas soltas (46,00 x 2)	92,00
Total	114,00

IMPORTANTE: COMPROBE BEN OS IMPORTES QUE VAI INGRESAR ANTES DE FACER A AUTOLIQUIDACIÓN. NON SE ADMITIRÁN INGRESOS INCORRECTOS.